



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 12 DE XANEIRO DE 2011**

**LUGAR:** CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**TIPO DE SESIÓN:** ORDINARIA                      **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.

**NON ADSCRITOS**

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro non adscrito  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro non adscrito

**FALTA:**

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,  
Concelleira do PP

**SECRETARIA**

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día doce de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN COMO PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PÚBLICO MUNICIPAL A PARTE ALTA DO INMOBLE ONDE SE UBICA A PRAZA DE ABASTOS, MODIFICANDO A CUALIFICACIÓN DESTE ESPAZO DE USO DE DOMINIO PÚBLICO/SERVIZO PÚBLICO A USO PATRIMONIAL.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO A DEVOLUCIÓN DOS AVAIS CONSTITUÍDOS EN GARANTÍA DOS SERVIZOS DE “RECADACIÓN MUNICIPAL POLA XESTIÓN DIRECTA EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS DISTINTAS EXENCIONS” E “ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DA PRAZA DE RECADADOR”.

**B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-**

4º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE NOVEMBRO DE 2010.
5º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2010.** Conformes todos os Concelleiros/as coa redacción da acta, así como co seu contido, apróbase por unanimidade a acta da sesión do dous de decembro de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN COMO PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PÚBLICO MUNICIPAL A PARTE ALTA DO INMOBLE ONDE SE UBICA A PRAZA DE ABASTOS, MODIFICANDO A CUALIFICACIÓN DESTE ESPAZO DE USO DE DOMINIO PÚBLICO/SERVIZO PÚBLICO A USO PATRIMONIAL.** Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Organización celebrada en data 4 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

**“2.-APROBACIÓN INICIAL DA DESAFECTACIÓN COMA PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PÚBLICO MUNICIPAL Á PARTE ALTA DO INMOBLE ONDE SE UBICA A PRAZA DE ABASTOS, MODIFICANDO A CUALIFICACIÓN DESTE ESPAZO DE USO DE DOMINIO PÚBLICO/SERVIZO PÚBLICO A USO PATRIMONIAL.** A Sra. Presidenta Delegada cede a palabra ao Sr. González Rodríguez quen explica que o motivo da tramitación do presente expediente de desafectación se atopa en que a segunda pranta da praza de abastos xa non se utiliza con este uso, polo que sería interesante poder destinala a outros usos: locais para asociacións, reunións, etc.

*Toma a palabra o Sr. Reboredo Baños para indicar que se amosa de acordo coa desafectación da segunda planta, aínda que entende que en canto aos novos usos desa planta deberíanse de consensuar con todos os membros da Comisión. Así mesmo indica que non está de acordo en facer inversións na praza de abastos mentres non exista unha actuación integral de todo o edificio.*

*Pola súa banda o Sr. López Campos tamén se amosa de acordo coa desafectación, aínda que considera que é conveniente realizar un plan integral de toda a Praza de Abastos, para coñecer a inversión que sería necesaria, e así valorar os recursos de que se dispoñen. Pide a creación dunha Comisión específica para traballar neste tema, ou ben que sexa a propia Comisión de Organización a encargada de valorar este proxecto. Remata indicando que o aspecto da Praza de Abastos é lamentable, polo que, a priori, a inversión necesaria parece elevada.*

*Contéstalle o Sr. González Rodríguez indicando que este é unicamente un primeiro paso, sendo desexable consensuar as decisións que se tomen posteriormente.*

*Non habendo máis intervencións, e unha vez deliberado suficientemente sobre o particular, a Comisión Municipal Informativa de Organización ditaminou favorablemente, por unanimidade, e propuxo ao Pleno, o seguinte:*

*-Vista a providencia de inicio de expediente de desafectación de bens-praza de abastos asinada polo Concelleiro Delegado D. Germán González Rodríguez.*

*-Visto o documento técnico para a división horizontal do mercado de abastos asinado polo Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares en data 10 de novembro de 2010.*

*-Visto o informe do Encargado – Conserxe da Praza de Abastos de data 18 de novembro de 2010.*

*-Visto o certificado de Secretaría de data 18 de novembro de 2010.*

*-Visto o informe técnico do Arquitecto Municipal D. Enrique Ponte Clares de data 22 de novembro de 2010.*

*-Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de decembro de 2010 relativo a aprobación de certificación urbanística do inmovible radicado na Praza do Mercado (rúa Waldo Álvarez Insua e rúa Padrón).*

*-Visto o informe da Secretaria Xeral da Corporación de data 21 de decembro de 2010.*

**ACORDAMOS:**

*Aprobar inicialmente o expediente de desafectación como praza de abastos e mercado público municipal da parte alta do inmovible onde se ubica a Praza de Abastos, modificando a cualificación deste espazo de uso de dominio público/servizo público a uso patrimonial.”*

### **INTERVENCIONS:**

**Sr. López Campos, do PP:** Boa tarde, nós como dixemos xa na comisión informativa o día que analizamos a desafectación zona superior da Praza de Abastos, cremos que non debería existir ningún tipo de problema pero que si pediamos que debería facerse un esforzo por parte de todos para buscar unha solución ou un plan funcional para esas instalacións de forma consensuada e de forma integral, pois entendemos que é certo que se pode dinamizar esa zona, entendemos que dependendo que sexamos máis ou menos ambiciosos no proxecto que poidamos deseñar para mellorar esa zona, o goberno municipal ofrécenos unha posibilidade e nós sen tampouco ser o gran proxecto que entendemos que necesita esa zona tan importante para o noso Concello, entendemos que sería razoable traballar ese deseño de actividades que se poidan desenvolver, dos proxectos que se poderían levar a cabo na Praza de Abastos e se entre todos somos capaces de facer ese traballo e facelo conxuntamente, pode saír unha solución razoada, polo que o noso voto vai ser favorable, solicitando ese traballo conxunto que pode achegar cousas interesantes.

Sometido o asunto a votación, apróbase o ditame por unanimidade e adóptase o seguinte **acordo:**

Aprobar inicialmente o expediente de desafectación como praza de abastos e mercado público municipal da parte alta do inmovible onde se ubica a Praza de Abastos, modificando a cualificación deste espazo de uso de dominio público/servizo público a uso patrimonial.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS, RELATIVO A DEVOLUCIÓN DOS AVAIS CONSTITUÍDOS EN GARANTÍA DOS SERVIZOS DE “RECADACIÓN MUNICIPAL POLA XESTIÓN DIRECTA EN PERÍODO VOLUNTARIO DAS DISTINTAS EXENCIONS” E “ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DA PRAZA DE RECADADOR”.** Pola secretaria, dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas celebrada en data 5 de xaneiro de 2011 que transcrito literalmente di:

**“2º. Devolución dos avais constituídos en garantía dos servizos de “Recadación municipal pola xestión directa en período voluntario das distintas exaccions” e “Adxudicación por concurso da praza de Recadador”.**- A señora Ruiz Ferro pon de manifesto o expediente de cancelación de fianzas promovido o 24 de xuño de 2009 por don Ricardo Terceiro Vilas ao

respecto do servizo de recadación municipal que lle foi adxudicado polo Pleno do Concello o 7 de outubro de 1980 en cuxa garantía constituíu os tres avais bancarios e os dous depósitos en metálico dos que, unha vez rescindido o contrato, solicita a devolución a máis do reembolso de 594,24 euros polas comisións satisfeitas entre o 30 de maio de 2009 e o 19 de outubro de 2010.

Tendo en conta os informes anexos de Tesourería e de Intervención, dos que resulta o efectivo cumprimento polo señor Terceiro Vilas das obrigas contractuais, incluída a rendición de contas e demais condicionantes fixados no acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de outubro de 2008, sen producirse no prazo legal de garantía (rematado o 30 de xuño de 2010) circunstancia ningunha para a esixencia de responsabilidades, a presidenta somete á consideración dos asistentes o ditame favorable á devolución das referidas garantías, sen entrar no aspecto indemnizatorio por constituír materia doutro expediente.

No curso do debate, o señor López Campos expresa o seu acordo con esta devolución pero non así co atraso en resolver.

Sometido o asunto a votación, ditamínase favorablemente por unanimidade, e elévase ao Pleno a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

Cancélanse as garantías constituídas para o *Servizo de Recadación Municipal pola xestión directa en período voluntario das distintas exaccións*, e para a *Adxudicación por concurso da praza de Recadador Municipal en período voluntario e executivo*, con simultánea devolución ao contratista don Ricardo Terceiro Vilas dos avais e depósitos que se detallan:

	importe
<i>Aval do Banco de Galicia de data 22/11/1980</i>	<i>4.943,25 euros</i>
<i>Aval do Banco de Galicia de data 29/01/1987</i>	<i>14.153,46 euros</i>
<i>Aval do Banco de Galicia de data 11/10/1990</i>	<i>9.224,76 euros</i>
<i>Depósito en metálico de data 30/09/1988</i>	<i>21,08 euros</i>
<i>Depósito en metálico de data 18/10/1990</i>	<i>81.26 euros</i>

Non producíndose intervención ningunha, o Concello Pleno adoptou por unanimidade o acordo de cancelar as garantías constituídas para o Servizo de Recadación Municipal pola xestión directa en período voluntario das distintas exaccións, e para a Adxudicación por concurso da praza de Recadador Municipal en período voluntario e executivo, con simultánea devolución ao contratista don Ricardo Terceiro Vilas os avais e depósitos que se detallan:

	importe
Aval do Banco de Galicia de data 22/11/1980	4.943,25 euros
Aval do Banco de Galicia de data 29/01/1987	14.153,46 euros
Aval do Banco de Galicia de data 11/10/1990	9.224,76 euros
Depósito en metálico de data 30/09/1988	21,08 euros
Depósito en metálico de data 18/10/1990	81.26 euros

## **MOCIÓN DE URXENCIA**

### **MOTIVACIÓN DA URXENCIA:**

**Sr. López Campos, do PP:** Dende o Grupo Municipal do PP tendo en conta o inicio do ano 2011 tendo en conta a situación económica e a situación económica xeral que está a atravesar o Concello da Estrada e Galicia e o resto de España, creo que debemos facer un esforzo para aproximarnos á realidade social e para estar preto do que é a realidade e o día a día dos nosos veciños e veciñas que están nunha gran medida pasando situación realmente complicada e xa no ano 2010 e entendemos que por desgraza xa no ano 2011 como se aventura nos datos económicos e polo tanto somos conscientes de que determinadas decisións que está a tomar o Goberno Central que ao final sempre repercuten no mesmo, que ao final os que teñan que pagar sexan os veciños e veciñas usuarios dalgún tipo de servizo ou algunha presentación que sexa de primeira necesidade, queremos debater unha moción para que o Concello da Estrada se posicione claramente en contra da decisión do Goberno Central de subir as tarifas da luz en preto dun 10% a todos os particulares e a todas as empresas e dende logo que se poña en marcha unha política enerxética que permita dunha vez compensar o déficit tarifario e ao final que as alegrías que se permite o goberno non repercutan sempre nos mesmos que son os cidadáns, polo tanto sometemos a votación esa moción máis ou menos cos puntos de acordo que acaba de detallar, rexeitar a subida unilateral aprobada polo Goberno no que se refire ás tarifas da enerxía eléctrica, instar ao Goberno de España a alcanzar un pacto en política enerxética para facer unha reforma integral do sistema en España e que permita limitar o déficit tarifario e que se conxele o recibo da luz durante o ano 2011 xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade para o cidadán.

Sometida a votación a urxencia da moción, é aprobada por unanimidade, polo que se pasa a debater a moción que deseguido se transcribe de xeito literal:

*“D. José López Campos, Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello da Estrada, en nome e representación do mesmo e ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte*

### ***MOCIÓN EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011***

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*o inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.*

*Desde que governa o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así dende o ano 2006 o recibo da luz subiu máis dun 40% mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE.*

*Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas das Pontes e Cerceda.*

*Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e á supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros aos desempregados de longa duración.*

*O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que achegue estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.*

*Polo exposto anteriormente, sométese ao Pleno do Concello da Estrada a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*O Pleno do Concello da Estrada*

*Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.*

*Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia*

*Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.*

*A Estrada, 12 de xaneiro de 2011”*

Sometida a votación a urxencia da moción presentada por parte do Grupo Municipal do PP, resultou a probada por unanimidade.

## **INTERVENCIONS:**

**Sr. López Campos, do PP:** Como comentaba, a situación económica parece complicada neste ano 2011 entendemos que hai medidas e decisións que convén tomar e dende logo, que non penalicen sempre as economías familiares e aos particulares e ademais hai varios feitos relevantes que eu creo que se unen decididamente a esa decisión que toma o Goberno Central este ano de incrementar a tarifa da luz un 10% aos domicilios particulares e ás empresas. Ese feito é que durante o ano 2006, por esa política económica, os veciños e veciñas da Estrada como o resto dos veciños do territorio nacional, teñen que enfrontarse a un recibo da luz superior que se incrementou nos últimos catro anos nun 40%, cifra realmente que entendemos escandalosa tendo en conta que o enerxía eléctrica e os servizos que presta son servizos de primeira necesidade que dende logo afectan ao día a día dos nosos veciños e veciñas e logo é curioso como algún partido político se dedica a dicir que o PP quere poñer en marcha un canon da auga que non vai afectar aos propietarios particulares e cubre ou tapa directamente un Goberno que nos leva saqueado no recibo da luz e noutros moitos temas que eu creo que prexudican directamente o nivel de competitividade en España en Galicia, na Estrada e sobre todo tamén as economías familiares e polo tanto o Concello da Estrada non pode deixar pasar esta oportunidade e non debemos deixar de manifestarnos do lado dos veciños e en contra dos que sempre fan pagar aos mesmos, o Goberno socialista de Madrid e o Goberno dos socialistas na Estrada.

**Sr. Alcalde:** Pode ler o contido do acordo que se tomaría.

**Sr. López Campos, do PP:** Parte resolutiva:

O Pleno do Concello da Estrada

Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia

Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

**Sra. López Doce, do BNG:** Dende o BNG en primeiro lugar queremos felicitalo por traer a este Pleno da Corporación unha moción elaborada polo PP de Galicia non polo PP da Estrada, é unha moción tipo das que vostede tanto critica neste Pleno cando as presenta o BNG. En segundo lugar estamos de acordo con rexeitar dende o Pleno da Corporación do Concello da Estrada esa suba imposta polo Goberno do Estado dun 10%, posto que as dúas décimas que faltan ata o 10% non son significativas para o peto dos cidadáns, e se ben tamén queremos facer unha serie de reflexións. O PP acórdase da crise cando se fala de medidas que adopta o Goberno do Estado, que non está neste momento en mans do PP, non se lembra das medidas que si están en mans do PP que está no Goberno da Xunta que ten maioría abasoluta, que ao abeiro das competencias que ten o Goberno Galego en base á Constitución vixente e ao Estatuto de Autonomía tamén en materia de emprego e promoción económica tenas todas e a verdade o outro día o BNG botamos en falta unha verdadeira política de promoción do emprego e de desenvolvemento económico que resolva a situación de precariedade que cada mes se vai acentuando levando aos galegos e galegas a ser a comunidade



autónoma na que máis medra o desemprego. Dende logo boto en falta unha proposta dende o PP da Estrada nese sentido, instando ao Goberno da Xunta a poñerse dunha vez a traballar e a deixarse de adoptar medidas que o único que fan é provocar a destrución de servizos públicos e postos de traballo, o empeoramento da calidade de vida dos galegos e galegas, que se estaba a iniciar un camiño distinto no que é a prestación de servizos públicos á cidadanía e non vemos máis que como se deteriora, lembro que debe haber case dous anos como o PP berraba e se desgañaba dicindo que en Galicia se xestionaba mal os servizos de atención á dependencia, que non se estaban executando ben as competencias que se tiñan establecido por lei, e agora vemos como somos os últimos da fila na prestación destes servizos levando xa dous anos de goberno do PP, eu lamento que non lle guste escoitar esas cousas pero creo que xa a corte de aduladores da que se ten dotado o PP e os medios e comunicación que non fan máis que renderlle preitesía, pois creo que as críticas non está mal escoitalas de vez en cando para tomar contacto coa realidade como propoñía o Sr. José López ao principio da súa intervención, as cousas son como son, e non cambian porque quen ten a competencia para cambialas neste caso o Goberno galego non as executa en beneficio dos cidadáns, execútaas non sabemos en beneficio de quen, hoxe assistimos, non me dou explicado, o Goberno Galego entre as medidas que adoptou para a promoción económica foi entregarlle 40 millóns de euros a Citroën e hoxe assistimos ao titular que anuncia para este mesmo ano un ERE para todo o cadro de persoal, é dicir, que facemos cos cartos públicos?, estase xogando coas cousas de comer e o que se está é destruindo o futuro deste país, entón, eu estou de acordo coa moción do PP e o BNG está de acordo con que imputarlle a toda a cidadanía o custe que hai que compensarlle aos produtores do carbón por deixar de produci-lo, isto é increíble, estou de acordo pero tamén quero que o PP á parte de ver a palla no ollo alleo vexa a viga no propio.

Sometida a votación a proposta de acordo da moción, o Concello Pleno adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

- 1.- Manifestar o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo Goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.
- 2.- Instar ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia
- 3.- Instar ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

## **B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-**

**4º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AO MES DE NOVIEMBRE DE 2010.** Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1075 e 1228 correspondentes ao mes de novembro de 2010.

O Concello queda sabedor.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sra. Goldar Soto, do PP:** Na Xunta de Goberno Local do 11 de outubro deste ano, renúnciase á subvención para crear o Banco de Tempo, porque non se chegou a tempo, e a explicación que se dá é pola imposibilidade de executar o proxecto citado no tempo límite, entón rogaríamos que para vindeiras ocasións se tivese outra previsión co fin de poder levar a cabo os proxectos no tempo e prazo citado. Tamén queríamos preguntar que hai un decreto polo preito que ten Marcos Andújar contra o Concello a través do Decreto 194, autorízase e isto si que é un inciso, novamente a un avogado de Santiago, insistimos e reitero que malo será que aquí na Estrada non haxa avogados laboristas ou cunha certa formación para que tamén se vaia repartindo un pouquiño o traballo entre a xente do Concello, se non é posible haberá que ir fóra, pero habendo na casa. Noméase a Cándido Calo, compañeiro de Santiago e excelente compañeiro por certo, para que proceda en representación do Concello á conciliación xudicial na acción procesal. Tal e como está redactado o decreto, que non dá máis datos o que era o rogo de que se contraten avogados do concello se é posible e a pregunta é ¿chegouse ou déronse instrucións para chegar a unha conciliación ou a un arranxo polo tema desta demanda co traballador?, e se se chegou se son tan amables de explicar os termos e porqué se tomou esa decisión.

**Sr. Alcalde:** Si que se deron instrucións ao avogado de chegar a un acordo. A partir de aí non lle podo dar máis información pero o que si me comprometo é a contestarlle por escrito unha vez que fale co avogado.

**Sr. López Campos do PP:** Quería facerlle unha pregunta sobre un tema que xa fixemos varias veces e non tivemos contestación que é sobre unha licenza na parroquia de San Tomé de Ancorados para reparación do tellado da igrexa que pediron unha subvención concedida e que xa no ano 2009 nos contou a concelleira de urbanismo que estaba xa resolta, pero estamos no ano 2011 e está sen resolver, polo tanto queríamos saber como está.

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** Nestes momentos non lle podo contestar, tereille que mirar, o que si sei é que xunto antes das vacacións de Nadal estiveron por aquí os veciños, creo recordar que pedira unha documentación Patrimonio para complementar e creo que mañá mesmo comprobarei e lles contestarei por escrito.

**Sr. López Campos, do PP:** O tema que comentaba a compañeira Cristina, que dando unha lectura ao que son as xuntas de goberno local, se ve certa tendencia á contratación dalgún bufete de avogados dirixido por algún ex-concelleiro socialista en Santiago e dende logo entendemos a tendencia que poida ter o Goberno en darlle traballo á xente que teña certa filiación política, pero habendo un número importante de avogados no noso Concello sería importante que tivese a delicadeza de contratar aos avogados na medida das posibilidades residentes ou nados na vila da Estrada, seguramente non teñen esa mesma filiación política pero seguramente poden defender os intereses do Concello da Estrada da mesma maneira, este é un rogo que lle fago complementando ao que facía a miña compañeira Cristina. En relación ao tema da Xunta de Goberno, nestas últimas que nos fixeron chegar, vimos que a Xunta de Goberno Local aprobou a certificación final de obra da obra de Saneamento do Plan FEELS en Maíndo e Sequeiró, na parroquia de Couso, e pola información que temos, ou a obra non está finalizada ou tivo que haber un cambio de proxecto para certificalo, porque non se axusta ao que estaba proxectado inicialmente, se realmente a obra de saneamento Maíndo – Sequeiró foi aprobada conforme ao proxecto que inicialmente foi aprobado polo Ministerio.

**Sr. Alcalde:** Mirarei como está o tema e contestareillo por escrito.

**Sr. López Campos:** Na Xunta de Goberno Local me parece que do 20 de decembro se non recordo mal, falo de memoria, hai unha resolución precisamente “vista a Certificación nº2 e liquidación da obra Construción da Rede de Saneamento en Maíndo – Sequeiró – Couso, incluída no Plan FEESL. Vista a acta de recepción asinada o 30 de novembro. Vista a factura de importe 46.836 €. Visto o informe de

Intervención Municipal a Xunta de Goberno acorda aprobar a Certificación nº 2 e aprobar a factura e aprobar a acta de recepción da devandita obra.

**Sr. Alcalde:** Contestareille por escrito porque terei que falar cos técnicos.

**Sr. López Campos do PP:** En relación a este temas, gustaríanos que na contestación nos fixese referencia de se a obra está finalizada e recepcionada, se a obra se axusta ao proxecto orixinal que foi remitido ao Ministerio para a súa aprobación e se no caso de haber modificacións ou de haber determinadas alteracións do proxecto que afectasen a núcleos que no seu momento estaba contemplado recoller da rede de saneamento e agora quedaron fóra, se xustifique cal é o motivo e se acredite documentalmente. Tamén en relación aos pasos elevados que falabamos o outro día e que seguen ocasionándolle moitos prexuízos aos veciños, gustaríanos saber se se fixeron as xestións de pedir informe á Policía Local para saber se os pasos elevados que hai no casco urbano da Estrada se axustan á normativa vixente e se existe ou pode haber algún tipo de responsabilidade patrimonial por parte do Concello no caso de que exista algún tipo de accidente.

**Sr. Alcalde:** Si, estamos agardando o informe do xefe da Policía Local.

**Sr. López Campos do PP:** No caso de que o informe diga o que todos entendemos que vai dicir, que non se axusta a esa normativa, se o Concello ten pensado acometer a reforma de todos eses pasos elevados e adaptalos á normativa vixente.

**Sr. Alcalde:** Evidentemente, se non cumpren haberá que adaptalos.

**Sr. López Campos do PP:** Tamén queremos saber, polo tema que debatemos o outro día, e visto o estado cada día máis lamentable do pavillón multiusos anexo ao Coto Ferreiro, agora mesmo, eu puiden comprobar esta semana que non chegan vinte caldeiros para recoller as goteiras que caen, unha imaxe cada día máis lamentable, se o Goberno tomou algún tipo de iniciativa e se interesou se podía acometer por iniciativa municipal esa obra, aínda que despois reclamase xudicialmente á empresa e se realmente o auto xudicial é firme, está recorrido e cal é a estratexia que ten o Goberno Municipal para poder solventar ese problema no prazo de tempo máis breve posible.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** No tocante a ese tema, igual que falamos no Pleno anterior, a cuestión está exactamente igual e estamos á agarda de obter esa cantidade de diñeiro, senón non podemos facer, en torno aos 36.000 €, non podemos facer ningún tipo de proxecto nin contratación. O que si se están facendo contactos con empresas da vila que poidan observar e atallar, facendo visitas ao propio tellado e atallar os problemas que ten de goteiras. Aí non hai garantías profundas pero estamos nesa xestión. Evidentemente se temos que poñer unha cantidade a maiores da que a xustiza nos vai achegar, evidentemente poñerémola, nós o que queremos é que esa instalación quede ben, moito mellor do que nola deixaron, iso está claro, porque si, evidentemente deteríorase o parqué por momentos e é un gasto que pensamos asumir, pero estamos á agarda de poder contar con esa cantidade inicial para poder empezar a contratar.

**Sr. López Campos do PP:** Pero que non poidan facer unha actuación non é polo trámite xudicial, é que o Concello non está polo labor de poñer cartos para solucionalo.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** Non é cuestión diso, é que co temporal non se poden facer visitas nin andar no tellado, entón teremos que agardar un pouco máis e nunhas condicións óptimas, cunhas cantidades minimamente dignas para poder facer unha reparación con garantías, e entón estamos manexando algunhas cantidades pero iso leva o seu tempo.

**Sr. López Campos do PP:** ¿Existe proxecto, estudo valoración sobre a obra que hai que acometer alí e sobre o custo que pode ter para o Concello.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** Como base está a sentenza deulle a razón e baseouse nun proxecto dun perito neutral neste caso e ese será o punto de partida pero evidentemente iso pode sufrir algunhas variacións, pois dende que se emitiu ese informe ata o día de hoxe houbo cambios e adaptacións, digamos que vai haber un proxecto adaptado á realidade, pero vai ser un proxecto que no ten porque evolucionar, igual non ten porque ser. Ao facer a adxudicación teremos que ver que garantías nos dá a empresa ou o que sexa polo tema de garantías.

**Sr. Reboredo Baños:** Voltendo a este tema, xa que o temos enriba da mesa, imos ver, eu non entendín o que me quixo dicir, porque primeiro falou que non tiñamos fondos, logo que van pasando distintas empresas, debe ser para que cada empresa faga unha parte das obras, pero pregunto aquí o que se demostra é a negligencia desa actuación, total e absoluta. Por dúas razóns, porque entendo que unha instalación deportiva como esa non pode estar infrautilizada e dando unha imaxe pésima do Concello da Estrada ante todos os colectivos deportivos que veñen xogar a ese pavillón por unha deixadez de actuar sobre ese tema, porque ¿a sentenza foi de onte?, ¿que data ten a sentenza?.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** Pois hai un mes e medio.

**Sr. Reboredo Baños:** Pois se foi hai un mes e medio, vostedes por trámite de urxencia podían iniciar un proceso de contratación e resolución.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** Iso non é o que di a interventora municipal, que di que temos que ter o importe do xulgado para poder xerar nós un crédito, unha cantidade.

**Sr. Reboredo Baños:** En todo caso que informe a Sra. secretaria, dende a miña ignorancia, entendo que vostedes por vía de urxencia habilitar unha partida orzamentaria, habilitar a obra, sexa de 30.000 € ou 40.000 € e logo trasladarlle esa responsabilidade á empresa e cobrarlle a través do xulgado, pero vostedes teñen que darlle unha solución. Resulta que se a empresa non paga, non fai o ingreso e seguimos un ano máis na mesma situación. Non, igual se ten actuado noutras situacións parecidas, por trámite de urxencia vostedes executan a obra ou en todo caso pidan permiso ao xulgado para fecelo.

**Sr. Castro Blanco do BNG:** Iso sería outra cousa pero nós non podemos obrar cando hai pendente un ingreso. O que quería dicir en primeiro lugar é que o que vostede manifestou de que é negligencia total e absoluta deste Goberno, é nunha porcentaxe mínima se o é, porque creo que a negligencia está na recepción desa obra nas condicións que se recibiu e a vía xudicial escolleuna quen a escolleu, nós estamos agardando que remate. No trámite final, nós temos que ver que cantidade axustamos aí. Que máis quixeramos que nos desen 60.000 € para cambiar todo o teito, pero non é esa a cantidade, temos unha cantidade moi inferior e para que, para facer un parcheo de calquera maneira, non avalado por un arquitecto municipal por exemplo, que é onde podemos ter o problema, se non está avalado por un arquitecto municipal ou por unha empresa, nós non nos podemos arriscar a facer iso, porque legalmente non se pode e outra cousa que lle dixen é as condicións climatolóxicas, co tempo como está non se pode, haberá que agardar a que mellore un pouco o tempo, son cuestións que eu creo que están bastante claras.

**Sr. Alcalde:** Estamos facendo un debate onde non corresponde. Hai algunha outra pregunta?.

**Sr. Reboredo Baños:** Si, hai outra pregunta, vostede dicía que a obra vai a 36.000 € aproximadamente, ¿e vostedes non teñen 36.000 € nas partidas orzamentarias para facer unha transferencia e acometer a obra?. Iso é negligencia, total e absoluta. Señor

alcalde en canto ao PXOM creo recordar que vostede na campaña electoral falaba de aprobar o plan en seis meses; xa nos demos conta que vostede non se refería aos seis primeiros meses de lexislatura, entón agora si entendemos que se refería aos seis últimos e o certo é que ao ritmo que van vostedes para eses seis meses últimos quedánlles dúas primaveras. Entón eu pregunto cal é o ítem procedemental como se di nas comisións de urbanismo, porque dende a última comisión de urbanismo que se celebrou na que a oposición lle pedimos un informe sobre os aspectos da tramitación do Plan, creo que un mes largo é tempo suficiente para ter ese informe sobre a mesa e polo tanto proceder a continuar co expediente tal e como vostedes queiran facer, entón a pregunta é que teñen vostedes facer neste tempo.

**Sr. Alcalde:** Pois que en canto teñamos ese informe llelo pasaremos.

**Sr. Reboredo Baños:** Esta pregunta é para o Sr. Espiño, o tema xa sabe cal é, eu preguntei no Pleno de decembro por un incidente grave que temos no patio de Figueroa, vostede veu alí facer unha visita cos técnicos, artellamos buscar unha solución, é certo que naquel momento houbera un temporal importante e aí non hai negligencia nese sentido, pero o certo foi que non se lle deu solución neste tempo posterior e eu mantiven unha conversa con vostede non sei se foi o día 3 ou 4 de xaneiro nestas últimas choivas que houbo e onde volveu a producirse o mesmo accidente e creo que a situación é moi grave e que vostede quedou en falar comigo pero non volveu.

**Sr. Espiño, do PSdeG – PSOE:** A situación é anómala e estraña, en calquera caso, segundo os técnicos debe cambiarse a tubería por unha de maior sección, polo tanto é o que se vai acometer, e díxenlle a vostede que iso é o que se ía adoptar. Non están os días propicios para andar unha máquina alí, e non me diga que o outro foi un temporal, porque este foi precisamente o maior caudal de precipitación nos últimos dez anos. A solución segundo os técnicos pasa por un cambio de tubería por outra de maior sección, non creo que con esta climatoloxía sexa aconsellable facer unha obra de movemento de terras.

**Sr. Reboredo Baños:** Ese tipo de obras si se poden facer, e eu díxenlle a vostede que nós cerrabamos o patio para que non fose utilizado, está evidentemente valado do resto, e eu creo que é un tema grave que nos pode dar un desgusto a todos, entón pídlle que haxa celeridade, iso é o que queremos dicirlle.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos.

A Estrada, 12 de xaneiro de 2011

A secretaria.

Asdo.: Marta Cajide Barbeito